

## MANUAL DROPBOX PARA PUBLICAR ACTIVIDADES ARDORA NUN BLOGUE

### Para que Dropbox?

Moi sinxelo. Moitos usuarios dispoñen dun blog no cal se poden poñer noticias, cargar imaxes, documentos adxuntos, incluso animacións, pero non dispoñen dun espazo web para aloxar (almacenar) aplicacións que se poidan enlazar ou lanzar dende o blog.

**Dropbox** proporciónanos gratuitamente e sen publicidade un espazo de 2Gb para almacenar arquivos. Deste xeito podemos subir dun xeito sinxelo, por exemplo, actividades ou paquetes de Ardora, e logo executalos dende unha ligazón que o propio **Dropbox** nos proporciona que logo podemos enlazar nun blog ou en calquera espazo web.

Dropbox, proporciona outros servizos, pero para as actividades de Ardora, só precisamos un lugar que as aloxe e unha dirección ou url que nos enlace coa actividade correspondente.

### INSTALACIÓN

Buscamolo en Google e xa nos ofrece unha páxina de descarga.

Prememos na opción: [Downloading Dropbox](#)



Automaticamente se nos ofertará a descarga e prememos en [Gardar arquivo](#)

# Dropbox






Podemos gardalo no escritorio, e aparecerá un icono semellante ao da imaxe.

Prememos sobre a icona para que se instale o programa.

Calcamos no botón **Ejecutar**, e logo no de

**Install**



Vaise instalar o programa, mostrando unha liña verde de puntos que nos indica máis ou menos o proceso de instalación.


Cando xa rematou a instalación, preguntaranos de **“Dispoñemos dunha conta en Dropbox”**.



Se elegimos a primeira opción, vamos dar a oportunidade de crear unha conta nova, cun formulario.


**Moi importante:** O password ou contrasinal, é para Dorpbox, non hai que poñer a da conta de correo, debería ser outra distinta.

Logo, [Next](#)




Unha vez cuberto correctamente o formulario, prememos en [Next](#)

Deixaremos marcada a opción de **2GB**




Optamos pola opción [Typical](#)



Aparecerán unha pantallas de información, pero seguiremos premendo no botón **Next**

Unha vez case finalizada a instalación, poderemos observar que aparece na barra de ferramentas inferior da pantalla do ordenador unha **icona nova** que nos será de moita utilidade.




**Dropbox** xa está instalado no noso equipo. Finalmente aparecerá un acceso directo no **escritorio**, e tamén os correspondentes en **Programas**

### That's it!

Dropbox has finished installing and you're all set up and ready to go. Thanks for using Dropbox. We hope you enjoy it!



Rematamos calcando no botón **Finish**



A **icona de Dropbox** aparece no escritorio, e ábrese a **carpeta Dropbox**, na que podemos comprobar que existe unha carpeta chamada **Public**.

Esa carpeta **Public** está no noso **PC**, fíxase ben onde se instalou.

Como estamos conectados a internet, aparecerá unha mensaxe, na que nos indica que Dropbox se está **comunicando e sincronizando** cos arquivos do espazo web que creamos.




**Moi importante:** Os arquivos que están no noso PC na carpeta Dropbox, vanse a subir ao espazo web de Dropbox, e tratarán de sincronizarse cada vez que esteamos conectados á rede.

Agora, collemos os nosos **archivos Ardora**, e metémolos na carpeta **Public** que se atopa no directorio **Dropbox**, do noso **PC**




**Automáticamente, o noso PC se sincronizará co espazo web Dropbox, e subirá eses arquivos.**



**Una vez que os arquivos xa subiron, aparecerá unha marca verde indicando que a sincronización finalizou.**

Vaiamos agora ao noso espazo web de almacenamento de Dropbox, para comprobar efectivamente que os arquivos subiron e coñecer a URL que debemos usar para navegar por eles.



Poderemos acceder mediante as opcións **Dropbox website** que se atopan nas opcións do programa Dropbox, ou na icona da barra de tarefas

Apareceranos unha pantalla semellante á inferior



Prememos na pestana **Files** e veremos unha carpeta co nome **Public**

Esa carpeta é a que nos interesa para facer que os nosos arquivos funcionen e se vexan en internet. Entramos nela, e comprobamos que os nosos arquivos **Ardora** do PC, xa subiron


Efectivamente, están os arquivos da nosa actividade **Ardora**.

Se prememos nas propiedades do arquivo htm, veremos que podemos copiar a ligazón

### Copy public link

Copiamos esa ligazón, e comprobamos definitivamente en calquera navegador que a actividade funciona.

Simplemente pegamos a ligazón copiada, na url de calquera navegador



## Colorea as partes da flor segundo se indica

	pétalos
	sépalos
	estigma
	estilo
	ovario
	óvulo
	filamento
	antera